

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de febreiro de 2021**

Ás 18.00 horas do día 18 de febreiro de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339728>) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE XANEIRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de xaneiro de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 21 de xaneiro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA O RECOÑECIMENTO PÚBLICO DAS MULLERES DA PROVINCIA COA CREACIÓN DO PREMIO OLIMPIA VALENCIA

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, dá conta detallada da moción presentada.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, agradece a benvida. Indica que está de acordo con esta proposta e co fondo do asunto. Engade que tamén houbo homes que estiveron á fronte desta pandemia, e tamén debemos eloxialos. A moción debaterémola no Pleno. Fai reserva do voto. Debemos ter o recoñecemento das mulleres, por suposto, pero á fronte desta pandemia houbo persoas, no ámbito sanitario e noutros sectores e actividades empresariais. Reserva o voto para o día do Pleno, pero en concordancia co contido da moción.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, (ten problemas de conexión).

A **presidenta da comisión** cédelle a palabra ao portavoz de Democracia Ourensana e posteriormente intentará darlle de novo a palabra a D. Bernardo Varela.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourensana, indica que esta persoa da que fala a moción foi unha muller admirable. Persoalmente se interesou pola súa vida hai uns anos, cando en Baltar se organizou unha festa na súa honra. Merece o recoñecemento, e pódese materializar nese premio. No concello estamos traballando na concesión do premio Clara Campoamor, que premia a mulleres que traballaron pola igualdade. Parécenos unha idea interesante. Nós reservamos o voto ata o Pleno, para analizar polo miúdo, pero previsiblemente non teremos problema en aceptala. Reservamos o voto ata o Pleno.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, pide desculpas polos problemas de conexión. Respecto á moción, poderíamos propoñer a concesión da medalla de ouro da provincia de Ourense a Olimpia Valencia, a título póstumo. Pero agora imos reservar o voto.

Os recoñecementos están ben, pero nas circunstancias actuais o importante son os cambios laborais e os compromisos reais coa igualdade. Os recoñecementos poden dar lugar a visibilidade, no fondo os cambios estruturais a nivel social e compromiso coa igualdade de toda a sociedade e das administracións, son máis importantes que os elementos simbólicos. Estudiaremos a moción máis a fondo, igual facemos algunha achega. Reservan o voto e se absterá.

A presidenta da comisión anuncia a reserva de voto para o pleno, sen restarlle méritos á proposta e, por suposto, a Olimpia Valencia.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, indica que a trataremos con máis profundidade no Pleno onde podemos expresarnos de forma máis ampla. Destaca que recoñecer as mulleres non significa infravalorar a ninguén é, simplemente, darlle o valor que merecen neste momento puntual a esas mulleres que están traballando. Ademais dese traballo, teñen que coidar á familia e teñen que deixar os traballos remunerados para eses coidados. Ao longo da historia moitas mulleres tiveron que facer un esforzo moi importante para alcanzar os seus sonos, pois é simplemente ese recoñecemento, crear esa visibilidade, referente de mulleres, que loitan por buscar a equidade entre homes e mulleres na nosa sociedade. E creando esa visibilidade eses referentes femininos van axudarlle ás cativas de hoxe en día que serán as mulleres do futuro.

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, e ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (3), o a abstención do Grupo Popular (5) de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense á creación do Premio Olimpia Valencia, para o recoñecemento anual do labor de mulleres que destaquen na defensa da igualdade e dos seus dereitos.

2º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a conceder o primeiro premio Olimpia Valencia a todas as mulleres do ámbito da sanidade o dos servizos sociais que están na primeira liña para defendernos desta pandemia, na persoa que cada colectivo designe.

3º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a facer unha homenaxe pública de recoñecemento ás mulleres premiadas cada ano, para darlle visibilidade ao seu labor e a súa contribución ao desenvolvemento desta provincia, en canto a situación da pandemia o permita.

3º- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** dá resposta ás preguntas formuladas na anterior comisión. Respecto ao tema da programación do Xacobeo, indica que vai ser toda a programación coordinada coa institución do Xacobeo. Respecto ao programa Esquiou, sinala que non se convocou polas restricións sanitarias, e mentres sigan en vigor, non se pode convocar. Respecto ás actuacións musicais, este ano está previsto no orzamento e realizárase a convocatoria en función da evolución da pandemia. Respecto a destinar os fondos a gastos correntes, cubrírase as actuacións e actividades concretas e non están previstas para atender gastos correntes.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, fai un rogo, respecto á liña de subvencións a actividades deportivas que se publicou onte no Boletín Oficial da Provincia. Atopamos unha serie de problemas que nos gustaría que se corrixirán, se así o estima a Deputación. Fai referencia á cláusula sobre ter competido na tempada 2020-2021. É unha cláusula excluínte para os clubs pertencentes a federacións de fútbol a nivel modesto a nivel autonómico, provincial e a nivel de base e noutras disciplinas deportivas pasaría o mesmo. No mes de febreiro non hai data de inicio en ningunha competición da Federación Galega de Fútbol. Moitos clubs quedarían fóra das achegas e non sería culpa deles, xa que a pandemia os inhabilita. Par evitar isto, a Deputación incluíu os anexos cinco e sete, nos que os clubs deben explicar a influencia da pandemia dentro da súa actividade, pero mentres se manteña a cláusula citada o inhabilita. Tamén hai unha contradición no apartado que pide as licencias federativas da tempada anterior. Non ten sentido, Esta temporada os clubs van diminuír o número de licenzas federativas, Debería corrixirse que os clubs que teñan competición ou non, deben poder optar ás axudas xa que teñen gastos fixos, teñan competición ou non, tales como aluguer, pago adestradores... Houbo adestramentos aínda que non houbera competición.

Iso permitiría acceder ás axudas coa xustificación, proporcionalmente aos gastos que tiveron.
Rogan que poidan ter acceso ás axudas independentemente de que teñan competición ou non.

E, ás 17.48 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.